

O pasado luns día 15 de maio ás 16 horas tivo lugar unha reunión telemática con todos os centros de ensino secundario, convocados mediante correo electrónico o luns 8 de maio.

Nesa reunión participaron máis de 115 centros, e os tres delegados dos reitores das universidades galegas na CiUG: Pedro Armas (Universidade da Coruña), Celso Rodríguez (Universidade de Santiago de Compostela) e Iván Area (Universidade de Vigo).

Na primeira parte da reunión, desde a CiUG explicouse cal é o presente e cal é a perspectiva de futuro das denominadas ponderacións para o acceso aos títulos de grao a nivel galego e a nivel estatal:

- 1) [As ponderacións que se aplicarán na admisión neste xuño de 2023 foron publicadas no Diario Oficial de Galicia o venres 5 de maio de 2023.](#)
- 2) As ponderacións que se aplicarán na admisión en xuño de 2024 terán uns valores moi semellantes ás actuais, coas seguintes puntualizacións:
 - a. Para as materias que desaparecen do currículo de secundaria neste curso académico: continuarán cos seus factores de ponderación a nivel do SUG.
 - b. Para as materias que esencialmente cambian de nome: manteranse os factores de ponderación actuais.
 - c. Para materias que continúan: manteranse os factores de ponderación actuais. A materia de Historia da Filosofía, que pasa a ser da fase obrigatoria, só será ponderable en xuño de 2024 para o alumnado que se examine desta materia en xuño de 2023.
 - d. Para as novas materias que aparecen no novo currículo de secundaria: os factores de ponderación serán os acordados a nivel dos 17 distritos.
 - e. Os parámetros de ponderación foron remitidos aos centros universitarios do SUG para a súa aprobación en Xunta de Escola ou Facultade.
 - f. Os valores son provisorios pois a día de hoxe o Ministerio competente non sinalou que materias son ponderables, e algunha materia podería desaparecer da listaxe que se manexa.
- 3) As ponderacións que se aplicarán en xuño de 2025 serán as harmonizadas co resto de distritos. Para iso realizouse unha análise de máis de 2.000 títulos de grao que se ofertan a nivel estatal (máis de 16.000 parámetros de ponderación), procedendo a elaborar unha proposta para o cada un dos graos, baseándose na opinión da maioría dos distritos universitarios. Eses valores tamén foron remitidos aos centros universitarios do SUG para a súa aprobación en Xunta de Escola ou Facultade con dúas cautelas:
 - a. Aínda estamos pendentes de que o Ministerio decida que materias son ponderables, polo que algunha materia podería desaparecer (ou incorporarse) á listaxe actual.
 - b. Se algunha conferencia de decanos/as de facultade ou directores/as de escola consideran outros valores, serán eses os que apliquemos e que publicaremos oportunamente.

Na segunda parte da reunión houbo intervencións e preguntas por parte dos centros educativos do país, para tentar clarear algunha cuestión específica.